

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA HOMENAXEA AOS 135 TRABALLADORES QUE SE XUBILARON NO 2023

- O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, destaca a implicación destes profesionais, demostrada pola súa capacidade de traballo e compromiso coa sanidade pública ao longo da vosa vida laboral

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2024.- Os profesionais da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza homenaxean aos 135 compañeiros que se xubilaron ao longo do pasado ano 2023 nun acto que tivo lugar esta mañá na aula magna do aulario Novoa Santos, situado no recindo do hospital Clínico e que foi retransmitido en directo.

O acto estivo presidido polo conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, acompañado pola xerente da área, Eloína Núñez Masid, a presentadora de TV e humorista, Eva Iglesias e a María Dolores Bahamonde, enfermeira que se dirixiu aos asistentes no nome de todos os traballadores xubilados o pasado ano.

Na súa intervención, o conselleiro subliñou que é unha verdade evidente que a sanidade pública española, e por ende, a galega, é un referente non xa en Europa, senón no mundo enteiro, e isto débese, fundamentalmente, aos traballadores do eido sanitario, que son os verdadeiros protagonistas do noso sistema sanitario e os responsables do seu adecuado funcionamento e da súa mellora continua.

Comesaña destacou dos profesionais que acaban de xubilarse a súa implicación, que queda demostrada pola capacidade de traballo e compromiso coa sanidade pública ao longo da súa vida laboral.

Pola súa banda, a xerente da área sanitaria dirixíuse aos asistentes afirmando que "tedes todo o meu respecto e admiración xa que sinto que me atopo ante profesionais da sanidade que xa cumpriron o labor que a sociedade lles encomendou e que deixaron pegada na sanidade pública". Eloína Núñez finalizou a súa intervención engadindo que "só quero expresaros os meus parabéns por alcanzar a xubilación, o meu profundo recoñecemento e o meu agradecemento pola función que desempeñastes, así como o meu desexo auténtico dunha comfortable xubilación".

Saúdos